

Código do documento	Código do expediente
<b>USGWI009E</b>	<b>UCP/2012/4</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>7344 4J2K 106H 692E 17IX</b>	

PPN

## RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da prestación do servizo denominado "XIII CAMPAÑAS MAÑAS DE CAMPAMENTOS: CAMPAMENTOS QUE CONCILIAN 2012", a adxudicar mediante procedemento negociado.

## ANTECEDENTES

- O 15 de maio de 2012, mediante a resolución nº 752 o Sr. Alcalde aprobou o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do servizo de referencia.
- Para tal efecto publicouse anuncio no perfil do contratante o 16 de maio de 2012 aos efectos de que os interesados solicitasen ser invitados a participar no procedemento. Durante o prazo establecido ao efecto, presentaron solicitude as seguintes empresas: ANDAINA DOUS, S.L., DIFER FISIOMAS, S.L., BOGAR ASISTENCIA, S.L., ESPROADE, S.L.. e INNOVA DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL, S.L.
- Analizada a documentación resulta que ningunha das empresas presentadas reúne os requisitos requiridos nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.
- O 28 de maio de 2012, por Resolución nº 826 o Sr. Alcalde, declara deserto o procedemento de licitación, modifica o prego de condicións administrativas, dispón a apertura do procedemento de adxudicación e a publicación dun novo anuncio de solicitude de ofertas no perfil do contratante.
- Durante o prazo concedido manifestan a súa vontade de participar no procedemento as empresas: BOGAR ASISTENCIA, S.L., INNOVA DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL, S.L., ESPROADE, S.L. e GOMEZ SANCHEZ-ALBORNOZ, ELISA TERESA 001006372N SLNE.
- Unha vez comprobada a capacidade de contratar das empresas, invítaselles a presentar proposición. Analizada a documentación polo Xefe de Servizo de Cultura e educación, e vista a oferta económica outórgase a seguinte puntuación:

C.I.F. P-1503100-H

EMPRESA	VALORACIÓN TÉCNICA	VALORACIÓN ECONOMICA	TOTAL
BOGAR ASISTENCIA	79	0	79
ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS	74,5	0,13	74,63
GOMEZ SANCHEZ-ALBORNOZ, ELISA TERESA 001006372N SLNE.	59	0,81	59,81

1 de 4

INNOVA DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL, S.L.	51	3,64	54,64
--	----	------	-------

6. De acordo co disposto na cláusula 14.1.c do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, dáse inicio á negociación coa comunicación do resultado da valoración das ofertas aos tres participantes no proceso que obtiveron maior puntuación e iniciase o proceso de negociación ata o 20 de xuño.
7. Transcorrido o prazo concedido, presentan novas propostas técnicas os licitadores GOMEZ SANCHEZ-ALBORNOZ, ELISA TERESA 001006372N SLNE, ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, e BOGAR ASISTENCIA, S.L.
8. Analizadas a novas propostas polo Xefe de servizo de cultura e educación, o órgano de contratación procedeu a clasificar por orden decrecente as proposicións presentadas:

C.I.F. P-1503100-H

EMPRESA	VALORACIÓN TÉCNICA	VALORACIÓN ECONOMICA	TOTAL
BOGAR ASISTENCIA	80	0	80
ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS	78	0,13	78,63
GOMEZ SANCHEZ-ALBORNOZ, ELISA TERESA 001006372N SLNE.	68	0,81	68,81

9. O 21 de xuño de 2012, de conformidade co disposto polo apartado segundo do artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora da lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP), requiriuse ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentara a documentación esixida.
10. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. Comprobouse que non ten débedas en período executivo con este concello.
11. En data 26 de xuño de 2012 o Xefe do servizo de economía e facenda formula proposta de adjudicación, fiscalizada nesa mesma data de conformidade pola Interventora municipal.
12. En data 27 de xuño de 2012 a Secretaría Xeral emite nota informativa 25/2012 na que, polas consideracións nela contidas, informa desfavorablemente a adjudicación do contrato.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 169 do TRLCSP establece que no procedemento negociado a adjudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 151 do TRLCSP establece no seu apartado terceiro que o contrato deberá adxudicarse dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O apartado cuarto establece que a adxudicación deberá ser motivada.

En base a todo o exposto e de conformidade coa proposta do Xefe do Servizo de Economía e Facenda de data 26 de xuño de 2012

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente servizo de "XIII CAMPAÑAS MAÑAS DE CAMPAMENTOS: CAMPAMENTOS QUE CONCILIAN 2012" á empresa BOGAR ASISTENCIA, S.L., CIF B-70198056, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se estableceron, fixando o prezo en 50.000,00 €, IVE engadido.

En relación cos candidatos descartados, as súas ofertas foron desestimadas polas seguintes razóns, expostas de xeito resumido:

C.I.F. P-1503100-H

EMPRESA	VALORACIÓN TÉCNICA	VALORACIÓN ECONOMICA	TOTAL
ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS	78	0,13	78,63
GOMEZ SANCHEZ-ALBORNOZ, ELISA TERESA 001006372N SLNE.	68	0,81	68,81

SEGUNDO.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a sinatura do contrato.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 151.4 TRLCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación no perfil de contratante do órgano de Contratación.

CUARTO.- Nomear responsable dos traballo a Dna. Carmen Mª Veira Baldomir, pedagoga.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 27 de xuño de 2012.

O Alcalde

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

Dou fe,

A secretaria xeral

Asdo.: Pilar María Pastor Novo

C.I.F. P-1503100-H